

**INSTRUCCIÓN PARA A SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DE PERSOAS MOZAS DESEMPREGADAS AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN PARA AO FINANCIAMENTO DO “PROGRAMA INVESTIGO”.TR349V (Orde do 28 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas, destinadas ao financiamento do “Programa investigo”, de contratación de persoas mozas demandantes de emprego na realización de iniciativas de investigación e innovación, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2022. Código procedemento administrativo TR349V**

Na orde do 28 de decembro de de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas, destinadas ao financiamento do “Programa investigo”, de contratación de persoas mozas demandantes de emprego na realización de iniciativas de investigación e innovación, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2022. Código procedemento administrativo TR349V, recóllense as axudas e subvencións para a contratación de persoas mozas demandantes de emprego, de 16 ou máis anos e que non cumprisen 30 anos no momento de comezar a relación contractual, polos organismos de investigación e difusión de coñecementos, universidades públicas, centros tecnolóxicos, parques científicos e tecnolóxicos, entidades públicas suxeitas a dereito privado, e entidades privadas sen ánimo de lucro, xunto con empresas que estean a investir en investigación e innovación pertencentes ao sector público ou privado, na realización de iniciativas de investigación e innovación

O artigo 19.8 da orde de convocatoria establece que a Dirección xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social publicará unha instrución informativa para a realización do proceso de selección segundo o establecido na dita orde.

**Así mesmo, a disposición adicional terceira da citada orde faculta á persoa titular da Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social a dítar no ámbito das súas competencias as resolucións, instrucións, aclaracións ou interpretacións necesarias para a aplicación, desenvolvemento e cumprimento da mesma.**

## **1.ACTIVIDADES E OCUPACIÓNS DE PREFERENTE COBERTURA.**

As actividades obxecto das axudas enmarcadas nesta orde desenvolveranse polas persoas capacitadas para levar a cabo proxectos de investigación en calidade de investigadoras, tecnólogas, persoal técnico e outros perfís profesionais en I+D+i, facilitando a súa inserción laboral tanto no sector público como no privado para contribuír a incrementar a competitividade da investigación e a innovación.

As iniciativas de innovación e investigación e as dos departamentos de I+D+i desenvolveranse preferentemente en ocupacións referidas a sanidade, transición



ecolóxica, economía verde (enerxías renovables, tratamento de augas e residuos e industria agroalimentaria), e dixitalización de servizos e “data science”, proxectos de investigación destinados ás áreas sociais, culturais, artísticas ou calquera outro ámbito de estudo así como outras tarefas encadradas no marco da Estratexia de Especialización Intelixente RIS3 2021-2022

Poderán subvencionarse postos de traballo para persoas mozas, de entre 16 e 29 anos , relacionados directamente coa I+D+I: para persoas investigadoras, tecnólogos, persoal técnico e outros perfís profesionais

## 2. PROCESO DE SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DAS PERSOAS MOZAS DESEMPREGADAS

2.1-De acordo co previsto no artigo 19 da orde da convocatoria, unha vez recibida pola entidade beneficiaria a notificación de concesión da subvención, a entidade poderá iniciar o proceso de selección e contratación das persoas traballadoras subvencionadas.

As persoas participantes serán seleccionadas pola entidade beneficiaria, segundo o disposto, con un mes de antelación, polo menos, ao inicio previsto dos contratos. Os contratos deberan realizarse antes do 30 de abril de 2022\* .

2.2- As persoas que se contratarán deberán ser persoas mozas de 16 ou máis anos e que non cumprisen 30 e que se atopen desempregadas e inscritas como demandantes de emprego no servizo público de emprego correspondente no momento de comezar a relación contractual. Ademais, deberán cumprir os requisitos esixidos para a modalidade de contrato que se formalice (*ver punto 3 desta Instrución*), axustándose ás circunstancias concretas de cada iniciativa, acorde coa lexislación vixente. Estes requisitos haberanse de cumprir ao comezo da súa participación no programa.

2.3.-Para a cobertura dos contratos, as entidades beneficiarias poderán utilizar o Servizo Público de Emprego de Galicia, solicitando á Oficina de Emprego correspondente á zona onde se ubique a entidade beneficiaria, as persoas desempregadas a contratar.

**\* Nota 1:** A partir do 30 de marzo de 2022 entra en vigor o Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, de maneira que deben terse en conta os cambios nas modalidades de contratación



2.4.- Cando a entidade beneficiaria sexa **unha Administración Pública a selección realizárase obrigatoriamente a través do Servizo Público de Emprego de Galicia** e non será de aplicación a normativa establecida para os procedementos de selección de persoal das distintas Administracións Públicas. Neste caso, as persoas seleccionadas non se consideran incluídas nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo, polo que non será precisa oferta de emprego público previa.

A través desta convocatoria non se poderán cubrir postos de traballo estruturais da administración.

2.5 As entidades beneficiarias serán as responsables finais de verificar o cumprimento dos requisitos das persoas a contratar.

## **A - PROCESO DE SELECCIÓN A TRAVÉS DO SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO**

Para a cobertura dos contratos as entidades que non pertencen á administración pública poderán realizar a selección de persoas demandantes de emprego a través do do Servizo Público de Emprego de Galicia.

**As administracións públicas e os seus entes e organismos están obrigadas a realizar a selección a través do dito Servizo.**

En todo caso, o procedemento a seguir para este fin a través do Servizo Público de Emprego é o que se sinala de seguido:

1.- A entidade beneficiaria contactará coa Oficina de Emprego correspondente con quince días hábiles de antelación, polo menos, ao do inicio previsto dos contratos, e realizará a solicitude de persoas candidatas, mediante a presentación pola sede electrónica da Xunta de Galicia do procedemento **PR004A, indicando “Solicitude selección PROGRAMA INVESTIGO”**.

A dita solicitude (PR004A) irá acompañada de:

- Resolución de concesión de subvención
- Modelo de oferta de emprego, que figura como Anexo I a esta instrución e dispoñible na Sede electrónica. Achegarase unha oferta por cada posto, salvo que se oferten postos de idéntico perfil profesional (titulación, formación, localidade etc), que nese caso poden concentrarse nunha única oferta.

As solicitudes realizarase antes do 8 de abril de 2022 e os contratos deberán dar comezo antes do 30 de abril de 2022\*.

As ocupacións ofertadas deberán responder á codificación prevista no Catálogo nacional de ocupacións (CNO) se ben a entidade beneficiaria poderá indicar que as sondaxes se realicen por ocupación e/ou titulación académica (ciclos, graos, etc)



**Enlace ao Catálogo Nacional de Ocupacións (CNO):**

[http://www.ige.gal/igebdt/esq.jsp?ruta=verPpalesResultados.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=3888&R=0\[all\]&C=1\[all\]&F=&S=](http://www.ige.gal/igebdt/esq.jsp?ruta=verPpalesResultados.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=3888&R=0[all]&C=1[all]&F=&S=)

*Nota: Dado que non se poderán contratar persoas mozas que desempeñasen calquera tipo de posto de investigación no prazo de 6 meses inmediatamente anteriores á data da solicitude da axuda, na mesma entidade, organismo, centro ou empresa ou grupo de empresas, **farase constar esta circunstancia na solicitude que se realice á oficina de emprego, para os efectos de que o teñan en conta no momento da selección final, sendo non obstante deber da entidade beneficiaria comprobar este extremo antes da contratación.***

2. A oficina de emprego que reciba a solicitude realizará a selección de persoas candidatas para cada posto (5 persoas por cada posto, sempre que sexa posible), e procederá do xeito seguinte:

a) A oficina de emprego remitirá á entidade beneficiaria os curriculums cegos (5) das persoas preseleccionadas para cada posto, a fin de que realicen a selección definitiva, garantindo o principio de igualdade e non discriminación por ningunha razón.

b) Na selección deberá terse en conta o procedemento establecido no artigo 8.2 da orde de 28 de decembro, onde se recollen os seguintes criterios a aplicar:

- a) Maior adecuación ao posto de traballo ofertado.
- b) Estudos específicos relacionados coa materia para desenvolver tales como másteres, graos ou/e calquera que, estando homologados polo Ministerio de Educación e Formación Profesional ou o Ministerio de Universidades, lles outorguen maiores capacidades e competencias.

c) Recibidos os curriculums a entidade beneficiaria dispón de 5 días naturais para realizar a selección dun (1) currículo para cada posto de entre os cinco recibidos, e para comunicar a dita selección á oficina de emprego, quen devolverá á entidade beneficiaria os datos identificativos da persoa seleccionada a fin de que dende a dita entidade se poida realizar a comprobación da dispoñibilidade desa persoa para o posto ofertado e iniciar, de ser o caso, o proceso de contratación da mesma.

d) A selección inicial é vinculante. No caso de que a persoa seleccionada rexeite o posto ou non sexa posible contactar con ela, deberá quedar constancia no expediente desta circunstancia, ben a través da declaración asinada pola persoa candidata ou da certificación ou declaración da entidade beneficiaria, sinalando a non dispoñibilidade no contacto, segundo o modelo que figura como anexo II desta instrución e dispoñible na Sede electrónica.

e) No caso no que non resulte posible cubrir o posto ofertado coa primeira das persoas seleccionadas, a entidade beneficiaria procedera a unha nova selección entre os currículos restantes inicialmente achegados pola oficina de emprego para dito posto,



reiniciándose o proceso establecido nos apartados b), c) e d) anteriores as veces necesarias ata a selección definitiva e a contratación, ou no caso de que as persoas seleccionadas rexeiten a oferta, ata esgotar as propostas recibidas para cada posto, segundo o recollido no punto d) anterior.

f) De non conseguir cubrir o posto con ningunha das 5 persoas candidatas propostas inicialmente, **excepcionalmente e previa xustificación** das causas polas que non foi posible a selección, comunicárase esta circunstancia á subdirección xeral de Emprego e á oficina de emprego de referencia, para efectuar, se procede, unha nova selección de persoas candidatas nos termos establecidos nesta instrución.

Nesa comunicación a entidade beneficiaria deberá achegar ben a/s declaración/s asinada/s pola/s persoa/s que rexeitaron o posto, ben as certificacións ou declaracións da entidade, nas que se sinale a non dispoñibilidade no contacto coa/s persoa/s candidata/s e/ou o rexeitamento da persoa candidata se non foi posible obter a declaración asinada pola persoa que rexeitou o posto, segundo o modelo que figura como anexo II desta instrución e dispoñible na Sede electrónica.

No caso de non dispoñibilidade por imposibilidade de contacto, a oficina de emprego realizará unha última comprobación antes de remitir máis currículums á entidade beneficiaria.

g) Todas as comunicación relativas a este proceso entre a oficina de emprego de referencia e o servizo correspondentes da entidade beneficiaria realizaranse sempre a través de medios electrónicos (REXEL e/ou correo electrónico).

## B.-OUTROS PROCEDIMENTOS DE SELECCIÓN.

Salvo as entidades e organismos pertencentes á administración pública, as entidades beneficiarias poderan seleccionar as persoas a contratar sen intermediación do servizo Público de Emprego de Galicia.

Nestes casos, as entidades beneficiarias deberán establecer mecanismos de selección que garantan que no proceso se cumpren os criterios establecidos no artigo 8.2 da orde de convocatoria, debendo acreditar expresamente mediante a presentación do anexo VI que acompaña a esta instrución, que a valoración curricular das persoas candidatas se realizou mediante o uso de curriculum -vitae cego, a fin de garantir o principio de non discriminación por ningunha razón.

Así mesmo, as entidades deberán verificar que a persoa que se vai a contratar se atopa inscrita como demandante de emprego no servizo público de emprego correspondente con carácter previo á dita contratación e que non desempeñou calquera tipo de posto de investigación no prazo de 6 meses inmediatamente anteriores á data da solicitude.



### 3.- CONTRATACIÓN DAS PERSOAS TRABALLADORAS

1 - Efectuada a selección dos traballadores e das traballadoras na forma prevista nos puntos anteriores, a entidade beneficiaria procederá á súa contratación, segundo a modalidade de contrato de traballo que mellor se axuste ás circunstancias concretas de cada iniciativa, acorde coa lexislación laboral, de prevención de riscos laborais e de Seguridade Social vixente, tendo en conta que en todo caso os contratos deberán formalizarse no prazo e nos termos establecidos na resolución de concesión e na convocatoria.

Dada a publicación do *Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral*, que entra en vigor o 30 de marzo de 2022, **dende esa data é posible realizar para o Programa Investigo “contratos de duración determinada vinculados a programas financiados con fondos europeos”, coa duración necesaria para a execución do proxecto.**

No caso realizar o contrato antes do 30 de marzo de 2022 ou de utilizar outra modalidade contractual, de acordo co artigo 19.2 da Orde de 28 de decembro, teranse que cumprir os requisitos esixidos para a modalidade de contrato que se formalice, incluída a duración.

2.- Os contratos deberán dar comezo antes 30 de abril de 2022, salvo en casos de forza maior ou por causas debidamente xustificadas, en que se poderá autorizar o aprazamento do inicio por parte da Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social. A solicitude de aprazamento realizarase a través do modelo de solicitude, Anexo III que se xunta como anexo a esta instrución e dispoñible na Sede electrónica.

3.- A duración dos contratos será de 12 meses. A xornada de traballo será a tempo completo.

4. -Os contratos deberán ser comunicados a través da aplicación Contrat@ nun prazo de dez días hábiles desde o inicio do mesmo á oficina de emprego que corresponda e levarán a indicación “Programa Investigo. Mecanismo de recuperación e resiliencia”, nos termos previstos na devandita aplicación Contrat@.

5.- A entidade beneficiaria comunicará á subdirección xeral de Emprego da Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social o inicio dos contratos no prazo de quince días hábiles desde o dito inicio, con indicación do número de persoas traballadoras desempregadas contratadas, segundo o modelo recollido no Anexo IV que acompaña a esta instrución e dispoñible na Sede electrónica.

En dito prazo deberá presentarse así mesmo o anexo V da orde de 28 de decembro, que recolle a autorización para a consulta automática dos datos para cada persoa contratada, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta, en cuxo caso a entidade beneficiaria deberá achegar a documentación xustificativa correspondente:

a) DNI ou NIE da persoa traballadora contratada.





- b) Informe da vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social da persoa traballadora contratada.
- c) Contrato laboral da persoa traballadora pola cal se solicitou a subvención

#### **4.- INCIDENCIAS NA CONTRATACIÓN.**

1.-De acordo co establecido no artigo 23.1.d) da orde de convocatoria, cando se produza a baixa definitiva do persoal subvencionado producida antes da finalización da duración do contrato prevista na resolución de concesión, así como a suspensión do contrato con reserva do posto de traballo ou a redución da xornada laboral, cando esta conleva redución proporcional do salario, segundo o previsto no Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Ley do Estatuto dos Traballadores, xerarase a obriga de reintegro da parte proporcional da subvención correspondente ao período de baixa ou de redución do contrato.

As ditas modificacións en tanto afecten á vixencia, duración ou outros termos recollidos na resolución de concesión, deberán ser comunicadas pola entidade beneficiaria á subdirección xeral de Emprego da Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social no prazo de quince días hábiles desde que se produza a situación modificativa, a través do modelo recollido no Anexo V que acompaña a esta instrución e dispoñible na Sede electrónica.

2.- Non está prevista na orde de convocatoria a substitución das persoas contratadas ao abeiro da mesma nos casos de baixas, cese definitivo ou circunstancias asimilables

#### **5- ACTIVIDADE SUBVENCIONADA E OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS EN RELACIÓN CO PERSOAL SUBVENCIONADO**

De acordo co previsto nos artigos 8, 19 e 22 da orde de convocatoria, as entidades beneficiarias deberán :

- a) facilitar ás persoas contratadas a aplicación das medidas que teña xa implementadas para favorecer a conciliación da vida laboral, familiar, persoal, e a igualdade de xénero.
- b) realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- c) Aboarlles ás persoas contratadas os salarios que legal ou convencionalmente lles correspondan e sexan acordes coa súa cualificación profesional e titulación.



d) Se é o caso, proporcionarles ás persoas contratadas a roupa de traballo e os equipamentos necesarios e asegurar que se realizará o seu mantemento.

e) Comunicarlle á Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social, nun prazo de 5 días desde que se produzan, aquelas modificacións substantivas que afecten a realización da actividade que vaian desenvolver as persoas contratadas, co obxecto de que poida valorar se o seu carácter produce unha alteración substancial das condicións tidas en conta para a concesión da subvención.

f) Para os efectos dun correcto seguimento do desempeño das tarefas subvencionadas, a entidade beneficiaria da subvención deberá manter unha planificación permanentemente actualizada respecto de cada unha das persoas traballadoras contratadas, no relativo ao lugar de realización do servizo e distribución do tempo de traballo. A dita planificación deberá estar a disposición da Administración actuante para achegala cando se lle requira

**NOTA FINAL: A entidade beneficiaria deberá verificar antes da contratación, o cumprimento dos requisitos das persoas a contratar.**





## ANEXO I

### PROGRAMA INVESTIGO MODELO DE OFERTA DE EMPREGO



#### OFERTA DE EMPREGO

**DATOS DA EMPRESA**

IDENTIFICADOR DA EMPRESA (CIF, NIF...)\*  NOME OU RAZÓN SOCIAL DA EMPRESA\*  CTA. DE COTIZACIÓN

ENDEREZO DA EMPRESA\*  ENDEZEZO ELECTRÓNICO\*  TELÉFONO\*

PERSONA RESPONSABLE DA SELECCIÓN DE PERSOAL\*  DATA FIN RECEPCIÓN DE CANDIDATURAS\*  RELACIÓN CONTRACTUAL  
 Temporal  Indefinido

ENDEREZO DA SELECCIÓN\* Marcar se coincide co da empresa  CONCELLO\*  C. POSTAL\*

**DESCRIPCIÓN DO POSTO DE TRABAJO**

ENDEREZO DO POSTO DE TRABAJO\* Marcar se coincide co da selección  CONCELLO\*  C. POSTAL\*  NÚMERO POSTOS OFERTADOS\*

OCCUPACIÓN QUE SE SOLICITA\*  NIVEL OU CATEGORÍA PROFESIONAL\*  MESES DE EXPERIENCIA

DESCRIPCIÓN DO POSTO DE TRABAJO

**REQUISITOS MÍNIMOS QUE TEÑEN QUE CUMPRIR AS PERSOAS CANDIDATAS**

TITULACIÓN/NIVEL FORMATIVO MÍNIMO  ESPEC. FORMACIÓN OCUPACIONAL  COÑECEMENTOS DE LINGUAS LINGUA/S  NIVEL

CARNÉS PROFESIONAIS  OUTROS REQUISITOS IMPRESCINDIBLES  COÑECEMENTOS INFORMÁTICOS INFORMÁTICA  NIVEL

As persoas candidatas deben ter discapacidade (DESCRIBE QUE TIPO DE DISCAPACIDADE)   Indiferente  Sí

As persoas candidatas deben estar desempregadas  Sí  Non

Deben viaxar  Sí  Non

Permiso de conducir  Sí  Non

Tipo de permiso

REQUISITOS ADICIONAIS QUE SE VALORARÁN NA SELECCIÓN

**DATOS CONTRACTUAIS**

DATA PREVISTA INCORPORACIÓN  DURACIÓN DO CONTRATO (días)  TIPO DE CONTRATO

XORNADA DE TRABAJO  Completa  Parcial mañá  Parcial  Parcial tarde

NO CASO DE XORNADA PARCIAL  Xornada diaria  Xornada semanal  Xornada mensual

Nº horas a tempo parcial

PARTICULARIDADES DO EMPREGO  Traballo nocturno  Sábados, domingos e festivos  Traballo a domicilio  Teletraballo  Transporte  Barreiras arquitectónicas

D./Dña. \_\_\_\_\_ con DNI/NIE \_\_\_\_\_ en nome e representación da empresa solicitante a Emprego Galicia a presentación dun resumo de currículo das persoas axeitadas segundo o perfil requirido. Comprométo-me a:  
 - Informar do resultado da selección mediante o documento de reclamación de resultados que recibe da oficina de emprego.  
 - Empregar os datos contidos na documentación achegada pola oficina ou pola persoa candidata, exclusivamente para a xestión do proceso de selección dos postos ofertados.

Signature do/a representante legal da empresa ou persoa autorizada \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ do 20\_\_\_\_

\* CAMPO OBLIGATORIO



## ANEXO II

### PROGRAMA INVESTIGO

#### CERTIFICACIÓN/DECLARACIÓN DE NON DISPOÑIBILIDADE DA PERSOA CANDIDATA E/OU DE REXEITAMENTO DO POSTO

D/Dna <Nome e apelidos>, <Denominación do posto que ocupa> da  
entidade <Organismo, entidade, empresa>

#### CERTIFICA/DECLARA

QUE NON FOI POSIBLE CONTACTAR COA PERSOA /S CANDIDATA/S QUE  
FIGURA/N A CONTINUACIÓN:

Posto ofertado: < Ocupación solicitada>

- Nome e Apelidos

QUE A/S PERSOA /S CANDIDATA/S QUE FIGURA A CONTINUACIÓN  
REXEITARON O POSTO OFERTADO:

Posto ofertado:< Ocupación solicitada>

- Nome e Apelidos

*Risque o que proceda e engada as filas precisas*

Lugar e data  
Sinatura

Subdirección xeral de Emprego, Dirección xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social



## ANEXO III

### PROGRAMA INVESTIGO

#### SOLICITUDE DE APRAZAMENTO PARA O COMENZO DOS CONTRATOS DE TRABAJO

D/Dna <Nome e apelidos>, <Denominación do posto que ocupa> da  
entidade <Organismo, entidade, empresa>

#### SOLICITA

O aprazamento do inicio dos contratos de traballo que ten previsto realizar ao  
abeiro do Programa INVESTIGO, máis alá do 30 de abril de 2022 e ata o --- de  
-----de 2022, pola seguintes causas

- 
- 
- 

Lugar e data  
Sinatura

Subdirección xeral de Emprego, Dirección xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social



## ANEXO IV

### PROGRAMA INVESTIGO COMUNICACIÓN DE INICIO DOS CONTRATOS DE TRABAJO

D/Dna <Nome e apelidos>, <Denominación do posto que ocupa> da entidade <Organismo, entidade, empresa>

#### COMUNICA

Que nas datas abaixo sinaladas iniciáronse os seguintes contratos de traballo ao abeiro do Programa INVESTIGO

Data inicio contrato	Posto	Modulo A/B

*Inclúa as filas que precise*

Lugar e data  
Sinatura

Subdirección xeral de Emprego, Dirección xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social



## ANEXO V

### PROGRAMA INVESTIGO

#### COMUNICACIÓN DE MODIFICACIÓN NO CONTRATO DE TRABAJO

D/Dna <Nome e apelidos>, <Denominación do posto que ocupa> da entidade <Organismo, entidade, empresa>

#### COMUNICA

Que se produciu a seguinte modificación ou modificacións no contrato/s de traballo asinado/s ao abeiro do Programa INVESTIGO

- 
- 
- 

Lugar e data  
Sinatura

Subdirección xeral de Emprego, Dirección xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social

## ANEXO VI



## PROGRAMA INVESTIGO

### DECLARACIÓN DE UTILIZACIÓN DE CURRÍCULUM CEGO NO PROCESO DE SELECCIÓN

D/Dna <Nome e apelidos>, <Denominación do posto que ocupa> da entidade <Organismo, entidade, empresa>

### DECLARA RESPONSABLEMENTE

Que no proceso de selección de persoas candidatas para o Programa INVESTIGO, e segundo o sinalado no artigo 8.2 da dita Orde de 28 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas, destinadas ao financiamento do “Programa investigo”, de contratación de persoas mozas demandantes de emprego na realización de iniciativas de investigación e innovación, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2022, seguiuuse un procedemento que garantiu o uso de currículum cego, sen que figurase o nome nin ningún outro dato ou imaxe de carácter persoal ( nacionalidade, enderezo, nome e apelidos, idade, sexo, fotografía etc). das persoas candidatas que se presentaron ao proceso de selección.

Lugar e data  
Sinatura

Subdirección xeral de Emprego, Dirección xeral de Emprego, Trabajo Autónomo e Economía Social

